

## Presentación da spin-off «Situm Technologies»

**Data:** venres, 24 abril, 2015 - 12:00 - 13:30

**Lugar:** Semisótano - área común

**Poñente(s):** Cristina Gamallo, Víctor Álvarez y Adrián Canedo (Socios fundadores de «Situm Technologies»)

**Idioma:** Por confirmar

**Streaming:** Non



*O CiTIUS presenta oficialmente «Situm Technologies», a startup galega dedicada ao deseño e desenvolvemento de sistemas de localización en interiores. Os fundadores da compañía, que o pasado 4 de febreiro formalizaban coa USC o acordo oficial que converte a esta empresa nunha nova spin-off do centro, exorarán ante os asistentes as liñas mestras da súa estratexia comercial, os seus obxectivos, e os éxitos obtidos pola empresa ata o de agora*

Continuando coa estratexia de difusión de resultados de transferencia emprendida polo centro nos últimos meses, cuxo primeiro episodio protagonizou [Cilenis, coa súa presentación ante os medios e as empresas do sector](#), a zona común do semisoto do CiTIUS volverá acoller o próximo venres, 24 de abril, a inauguración dunha nova spin-off fundada por investigadores do centro: «Situm Technologies», un ambicioso proxecto baseado en técnicas de xeolocalización sobre dispositivos móbiles que promete revolucionar o mundo das tecnoloxías de posicionamento en interiores.

Fundada en febreiro de 2014, [Situm](#) adquire só tres meses máis tarde a cualificación de IEBT (*Iniciativa de Empleo de Base Tecnológica*) que concede a Xunta de Galicia, comezando a súa actividade profesional en xullo do mesmo ano coa posta en marcha de varios proxectos pilotos. Dende entón obtivo numerosos recoñecementos, como o [Primeiro Premio Nacional na V Edición de YUZZ](#), o Primeiro Premio na I Edición de [Galicia Open Future](#) ou o [Premio Smart Ideas do proxecto SmartCity da Coruña](#), ademais de figurar entre os gañadores do [Elevator Pitch Singularity University](#), consolidándose así como unha das tres *startups* españolas con maior potencial no ámbito dos smartphones e a mobilidade en pouco máis de seis meses.

A empresa conta co apoio do fondo de investimento [UNIRISCO](#), e actualmente proporciona xa a súa tecnoloxía de localización en interiores a Telefónica, no marco dun concurso público para o desenvolvemento dunha *app* que se integrará en 22 edificios do Sergas. Así mesmo, traballa noutros grandes proxectos en paralelo, co obxectivo de introducir a súa tecnoloxía tanto no ámbito estatal como no estranxeiro.



**Dra. Cristina Gamallo Solórzano**

Socia fundadora. Ingeniera informática y doctora en TIC. Experta en sistemas de localización en interiores, seguridad.



**Adrián Canedo Rodríguez**

Socio fundador. Ingeniero de telecomunicaciones y doctorando en TIC. Experto en procesado de señal, redes y comunicaciones.



**Víctor Álvarez Santos**

Socio fundador. Ingeniero informático y doctorando en TIC. Experto en programación móvil, web y arquitecturas software.

### Coñecendo Situm da man dos seus fundadores

A presentación oficial desta innovadora *spin-off* correrá a cargo dos seus socios fundadores, tres mozos que se coñeceron durante a súa etapa predoutoral, mentres desenvolvían as súas teses no CiTIUS: [Cristina Gamallo](#), [Víctor Álvarez](#) e [Adrián Canedo](#). Cristina (1978) e Víctor (1987) son enxeñeiros informáticos e doutores en Tecnoloxías da Información pola Universidade de Santiago de

Compostela, namentres Adrián (1986), Enxeñeiro de Telecomunicacións pola Universidade de Vigo, está a piques de defender a súa tese no centro.

Os seus coñecementos técnicos, así como unha clara vocación de emprendemento, axudáronlles a identificar durante a súa etapa no CiTIUS as oportunidades de negocio que brindaba a creación dunha tecnoloxía multisensorial de localización e navegación, que permite localizar un dispositivo móbil (smartphone ou wearable) nunha gran superficie. Un sector incipiente pouco explorado ata a aparición de [Situm](#), con múltiples posibilidades que abranguen dende a navegación e localización dun produto nun hipermercado ata a creación dunha ruta personalizada coa opción de obter información adicional, por exemplo, nun museo (entre moitas outras aplicacións).

Tecnoloxías de vangarda das que cómpre salientar tamén o seu compoñente social, xa que os seus interfaces teñen en conta ás persoas con algún tipo de discapacidade visual, incluíndo audioguías de cara á súa correcta utilización por parte deste colectivo.